



**V XORNADAS "CIENCIA E TERRITORIO.
A AUGA: USOS E ABUSOS (I)"
Melide, 10, 11 e 12 de setembro de 2007
Comunicado de prensa**

**A SAÚDE DO RÍO MARTAGONA CENTRA A XORNADA DE CLAUSURA DAS V
XORNADAS "CIENCIA E TERRITORIO"**

***Virxinia Rodríguez Álvarez, Secretaria Xeral de Adegas e coordinadora do
PROXECTO RÍOS, reconece como fundamental a participación social de
cara á conservación dos nosos ríos***

As V Xornadas "Ciencia e Territorio" chegan ao seu fin cunha xornada eminentemente práctica. De mañá, a Secretaria Xeral de Adegas e coordinadora do Proxecto Ríos, Virxinia Rodríguez Sánchez, dirixiu unha saída de campo que tiña como obxectivo o estudo dun caso práctico nun tramo de 0.5 km do río Martagona, en Melide. Os asistentes realizaron diversas medicións no tramo, como temperatura ou concentración de nitratos.

Virxinia Rodríguez destacou que o Proxecto Ríos supón unha maneira de formalizar a participación social en proxectos de recuperación dos nosos ríos. ADEGA organiza ao voluntariado que solicita participar no Proxecto Ríos en grupos de inspección sobre un tramo de 0.5 km dun certo río. O Proxecto, ademais, provee aos voluntarios do material necesario para realizar as medicións sobre a saúde do río. A coordinadora do proxecto destaca que conta con aproximadamente 200 grupos de voluntarios concentrados maioritariamente nas provincias de Coruña e Pontevedra, sendo o 40 % deles centros de ensino. Os resultados do Proxecto veñen a evidenciar que o estado dos nosos ríos é aceptable ata as inmediacións das vilas e cidades. Do mesmo xeito avanzou que a campaña de outono xa está en marcha dende o 1 de setembro, no que están previstas saídas formativas con distintas entidades (centros de ensino, concellos, ampas, grupos ecoloxistas), un curso de formación para coordinadores dos grupos de voluntarios e un campamento para os grupos de voluntarios no río Tea.

Pola tarde, os asistentes trasladáronse á EDAR de Melide nunha visita guiada por parte dun técnico especialista da empresa xestora da EDAR. Posteriormente, e xa nas instalacións da Biblioteca Municipal de Melide, tivo lugar unha posta en común, avaliación e conclusións destes tres días de Xornadas. Ao acto de clausura oficial acudiron o coordinador xeral das Xornadas, un representante de Nova Escola Galega e un representante do Concello de Melide.